

## PREGUNTAS DE PROBAS DE FP(GM). UNIDADE 1. RACIONAIS E DECIMAIS

1. Unha ruleta con 50 cadros está parada nunha posición inicial indicada por unha frecha antes de empezar a recibir pequenos impulsos. Se cada vez que se lle dá un impulso avanza 15 cadros, calcule cantas voltas dá a ruleta ata que volve por primeira vez ao cadro de partida.
2. Aproxime por redondeo ás milésimas o número periódico  $2,37$ .
3. Cal é o resultado da operación:  $\left(3 + \frac{3}{5}\right) - \left(3 - \frac{3}{5}\right)$
4. Unha galiña pon un ovo cada 26 horas e outra pona cada 20. Calcule cantos ovos poñen entre as dúas desde un intre no que coinciden na posta ata que volven coincidir (sen contar os dous do instante inicial).
5. Cal é o resultado de  $\left(2 - \frac{1}{3}\right)^2$
6. Indique, sen necesidade de realizar a división, cal das seguintes fraccións corresponde a un número decimal periódico:  $\frac{27}{7}$ ,  $\frac{9}{25}$  e  $\frac{31}{16}$
7. Simplifica a expresión:  $\frac{8^{-2} \cdot 6^5 \cdot 3^{-1}}{9^2}$
8. Nunha agrupación de baile formada por un número de persoas comprendido entre 25 e 35, adoitan ensaiar facendo grupos máis pequenos co mesmo número de integrantes en cada un. Se un bailarín se borra ou un novo quere unirse á agrupación, iso non será posible. Cantas persoas pertencen á agrupación de baile? 28, 33 ou 30?
9. Calcula o resultado de  $3^3 - 2^2$
10. Calcula a cuarta parte de 4,028
11. Cal é o resultado da expresión  $\left(\frac{1}{2} - \frac{1}{6}\right)^2 : \frac{2}{3}$
12. Un grupo de amigos reúnese para xogar ás cartas. No primeiro xogo reparten os 40 naipes da baralla a partes iguais de xeito que non sobra ningún naipe. Nun segundo xogo descubren cinco naipes sobre a mesa e reparten a partes iguais o resto. Cantos amigos se reuniron para xogar? 7, 5 ou 4?
13. Simplifique a seguinte expresión:  $\frac{6^3 \cdot 27^2}{2 \cdot 3^{-2}}$
14. Un auditorio con capacidade para 300 persoas é a sede dun congreso sobre novas tecnoloxías aplicadas á agricultura. Catro sétimos dos congresistas saben falar galego con fluidez, oito de cada trece exprésanse correctamente en castelán, e unicamente cinco de cada vinte e un aseguran facelo en inglés. Deduza o número de congresistas que asisten.
15. Cal é o resultado da operación indicada?  $2 - \frac{3}{2} : \left(2 - \frac{3}{2}\right)$
16. Quérese dividir en cadrados un caixón de 48 cm de longo por 32 cm de ancho. Calcule a anchura máxima que pode ter cada cadrado.

17. Calcule o valor da expresión:  $1 + \frac{1}{1 + \frac{1}{2}}$

18. Cal é o maior dos divisores comúns a 4 e 18?

19. Simplifica a seguinte operación:  $\frac{2^3 \cdot 8^2}{4}$

20. 2/5 dos habitantes da Coruña practican algún deporte. Que porcentaxe **non** practica deporte?

21. Calcula o valor da expresión:  $\left(1 + \frac{2}{3}\right) \cdot \left(1 - \frac{2}{3}\right)$